



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2025 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia. "

Á vista do que antecede, esta Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio E Emigración, e a proposta dos Concellos da Provincia de Lugo elabora o seguinte

Calendario laboral 2025 para a provincia de Lugo

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na táboa anexa.

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2025, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo, 27 de setembro de 2024.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Abadín	04/03/2025	Martes de Entroido	26/09/2025	San Cosme da Montaña
Alfoz	04/03/2025	Martes de Entroido	04/08/2025	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	24/06/2025	San Xoán	08/09/2025	Virxe dos Remedios
Baleira	04/03/2025	Martes de Entroido	12/08/2025	San Cristóbal
Baralla	27/08/2025	Festas de San Vitorio	28/08/2025	Festas de San Vitorio
Barreiros	04/03/2025	Martes de Entroido	26/09/2025	San Cosme
Becerreá	04/03/2025	Martes de Entroido	24/06/2025	San Xoán
Begonte	04/03/2025	Martes de Entroido	27/06/2025	San Pedro
Bóveda	01/09/2025	San Xil	15/09/2025	Divino Ecce-Homo
Burela	04/03/2025	Martes de Entroido	02/06/2025	Luns das festas patronais
Carballedo	04/03/2025	Festivo local	13/06/2025	Festivo Local
Castro de Rei	04/03/2025	Martes de Entroido	11/08/2025	San Roque e Dulce Nome de María

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Castroverde	04/03/2025	Martes de Entroido	24/07/2025	Día anterior ao Santiago Apóstolo
Cervantes	20/05/2025	Festivo Local	26/12/2025	Festivo Local
Cervo	04/03/2025	Martes de Entroido	16/07/2025	Nosa Señora do Carme
Chantada	26/08/2025	Festa da Empanada	08/09/2025	Virxe do Faro
Corgo (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	24/06/2025	San Xoán
Cospeito	04/03/2025	Martes de Entroido	08/09/2025	Nosa Señora Virxe do Monte
Folgosos do Caurel	19/08/2025	Festivo local	05/12/2025	Festivo Local
Fonsagrada (A)	04/03/2025	Martes de Entroido	08/09/2025	Festas Patronais de A Fonsagrada
Foz	04/03/2025	Martes de Entroido	16/07/2025	O Carme
Friol	04/03/2025	Martes de Entroido	14/07/2025	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	04/03/2025	Martes de Entroido	24/06/2025	San Xoán
Guntín de Pallares	04/03/2025	Martes de Entroido	07/07/2025	Luns da Festa
Incio (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	15/05/2025	San Eufrasio
Láncara	04/03/2025	Martes de Entroido	18/08/2025	Luns de San Roque
Lourenzá	04/03/2025	Martes de Entroido	01/09/2025	Luns do Conde Santo
Lugo	04/03/2025	Martes de Entroido	06/10/2025	San Froilán
Meira	04/03/2025	Martes de Entroido	14/08/2025	Festas patronais
Mondoñedo	15/09/2025	Nosa Señora dos Remedios	18/10/2025	San Lucas
Monforte de Lemos	22/04/2025	Martes de Pascua	13/06/2025	San Antón
Monterroso	10/07/2025	San Cristovo	29/09/2025	San Miguel
Muras	04/03/2025	Martes de Entroido	30/06/2025	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	04/03/2025	Martes de Entroido	22/09/2025	Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	04/03/2025	Martes de Entroido	18/08/2025	Virxe da Veiga
Nogais (As)	04/03/2025	Martes de Entroido	01/08/2025	Festa do Emigrante
Ourol	13/05/2025	Nosa Señora de Fátima	25/08/2025	Luns de Naseiro
Outeiro de Rei	04/03/2025	Martes de Entroido	07/07/2025	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	28/01/2025	San Tirso	04/03/2025	Martes de Entroido
Pantón	04/03/2025	Martes de Entroido	18/08/2025	Festas Locais
Paradela	04/03/2025	Martes de Entroido	29/09/2025	San Miguel
Páramo (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	06/06/2025	Festas da Primavera
Pastoriza (A)	04/03/2025	Martes de Entroido	18/10/2025	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	13/06/2025	San Antón	09/09/2025	Romaría Santo Milagro de O Cebreiro
Pobra de Brollón	04/03/2025	Martes de Entroido	27/08/2025	San Vitoiro
Pol	04/03/2025	Martes de Entroido	25/08/2025	Festa do Emigrante

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Pontenova (A)	04/03/2025	Martes de Entroido	06/10/2025	Luns das Feiras
Portomarín	04/03/2025	Martes de Entroido	08/09/2024	Santo Cristo das Victorias
Quiroga	21/04/2025	Luns de Pascua	11/11/2025	San Martiño
Rábade	04/03/2025	Martes de Entroido	28/05/2025	Aniversario do Concello de Rábade
Ribadeo	04/03/2025	Martes de Entroido	08/09/2025	Santa María do Campo, Patrona de Ribadeo
Ribas de Sil	18/08/2025	Festas patronais	31/10/2025	San Claudio
Ribeira de Piquín	04/03/2025	Martes de Entroido	23/04/2025	San Xurxo
Riotorto	04/03/2025	Martes de Entroido	02/05/2025	Festivo Local
Samos	04/03/2025	Martes de Entroido	14/07/2025	San Benito
Sarria	24/06/2025	San Xoán	08/09/2025	Virxe dos Remedios
Saviñao (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	05/08/2025	Festas Patronais de Escairón
Sober	08/09/2025	Romería de Cadeiras	15/09/2025	Festa do Carmen de Sober
Taboada	04/03/2025	Martes de Entroido	11/08/2025	Festas da Vila
Trabada	04/03/2025	Martes de Entroido	25/04/2025	San Marcos
Triacastela	04/03/2025	Martes de Entroido	09/09/2025	Santo Milagre do Cebreiro
Valadouro (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	09/09/2025	Festa do Oito
Vicedo (O)	04/03/2025	Martes de Entroido	04/08/2025	Santo Estevo
Vilalba	04/03/2025	Martes de Entroido	01/09/2025	Santa María, día da patrona de Vilalba
Viveiro	04/03/2025	Martes de Entroido	24/06/2025	San Xoán
Xermade	04/03/2025	Martes de Entroido	11/08/2025	Luns de Santa María
Xove	13/06/2025	San Antonio	01/09/2025	Festa Patronal

R. 2894

CONCELLOS
ANTAS DE ULLA
Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTES DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aprobados inicialmente os expedientes de suplementos de crédito, núm. 1 (para gastos de persoal) e 2 (para gastos e transferencias correntes), financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, por Acordo do Pleno desta entidade, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Antas de Ulla, 27 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 2895

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 25/09/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 01/12/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2896

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 26/09/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e

presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 01/12/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2897

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 26/09/2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 2º SEMESTRE DO 2023.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 24/11/2024. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 27 de setembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2898

BURELA

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL (SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS), COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0932 de data 29/09/2024 apróbese a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Traballador/a Social (servizos sociais comunitarios) , como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2023 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “**TRABALLADOR/A SOCIAL (SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS)**”, persoal laboral, grupo A2, mediante el sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Antia Díaz Rey	***9111**	EXENTA
Verónica Garayzabal Pedrosa	***8987**	EXENTA
Lorena María García García	***5118**	NON EXENTA
Enma García López	***2183**	EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289**	EXENTA

Almudena González Rego	***8016**	EXENTA
Ana María Martínez Neira	***3513**	EXENTA
Noela Nebriil Rodríguez	***3701**	EXENTA
Basilisa Nogueira Rodríguez	***7618**	EXENTA
Beatriz Pereiro Sordo	***3578**	EXENTA
María Dolores Rodríguez Moreda	***9403**	EXENTA
Oscar José Rodríguez López	***4171**	EXENTA
María Manuela Zas Castro	***5357**	EXENTA

B. PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Lucia Pedrido Rodríguez	***7308**	EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- Non acreditar posuír o título requirido para cubrir a praza consonte ao indicado no ANEXO I das Bases reitoras

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído/a do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Mándoo e asínoo en

Burela, 30 de setembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino.

R. 2899

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 24 de setembro de 2024, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (3º trimestre de 2024).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (3º trimestre de 2024).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 27 de setembro de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2900

GUITIRIZ*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 111/2016**

Aprobado inicialmente a modificación do “Regulamento orgánico municipal do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 26/09/2024, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 da Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, o regulamento considerárase aprobado definitivamente.

Guitiriz, 30 de setembro de 2024.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2901

LÁNCARA*Anuncio*

Decreto.

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona SBP e don JGF.

Considerando que o Encargado da Oficina do Rexistro civil de Lugo autorizou con data 21 de maio de 2024 a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar na concelleira dona Alba María Sangil de Andrés a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona SBP e don JGF o día 28 de setembro de 2024 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que a concelleira actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución á concelleira delegada e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 27 de setembro de 2024.- O alcalde, Dario A. Piñeiro López.

R. 2902

MURAS*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2024-0261, foi aprobado o PADRÓN SAF -MARZO 2024, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 13 de xuño de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2903

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0337, foi aprobado o PADRÓN SAF - ABRIL 2024, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 5 de agosto de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2904

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0260, foi aprobado o PADRÓN PAI -ABRIL 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 13 de xuño de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2905

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0338, foi aprobado o PADRÓN PAI –MAIO 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 6 de agosto de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2906

QUIROGA*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2024.

SEGUNDO.- A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.- Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.- A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 23 de setembro de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 2907

RÁBADE*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024 o expediente de modificación de créditos Nº 9/2024, suplemento de crédito; en cumprimento do disposto no artigo 179.3 en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ó público, por prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 27 de setembro de 2024.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Remedios González Cabarcos.

R. 2908

Anuncio

Aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello do Concello de Rábade.

En sesión celebrada o día 26 de setembro de 2024, o Pleno da Corporación municipal adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas modificacións introducidas tras a negociación colectiva e os informes que constan no expediente, nos termos que se axuntan á presente proposta.

SEGUNDO. Publicar integramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderase examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións:

Lugar onde se pode examinar a documentación:

Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello do Concello de Rábade:

<https://rabade.sedelectronica.gal/info.0>

Prazo de exposición pública para o exame e para a presentación de reclamacións: vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Rábade, 27 de setembro de 2024.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Remedios González Cabarcos.

R. 2909

RIBADEO

Anuncio

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA ACCESO A DUAS PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA. TÉCNICO DE XESTIÓN. CON BOLSA DE EMPREGO

- POSTOS NÚMEROS 009 e 010 /RPT MUNICIPAL.
- OEP/2024.

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura dos postos de Técnico de Xestión números 0009 e 0010 da actual RPT municipal.

2.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

Grupo. (Segundo artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público) Grupo A, Subgrupo "A2".

Clasificación: Escala de Administración Xeral-Subescala Técnica de Xestión.

Adscrición: Unidade Administrativa. Secretaría Xeral da Corporación.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As previstas na RPT municipal. BOP de Lugo núm. 23 de 27 de xaneiro de 2024.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: Oposición.

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Dúas + Bolsa de emprego.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)Xerais:

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos. Titulación académica:

Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar en posesión da acreditación da aprobación ou, se é o caso, o correspondente certificado de equivalencia segundo normas que sexan aplicables a tal efecto, verificadas polo Consello de Universidades mediante a vía procedimental prevista no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias oficiais, na redacción dada polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo ou o título que habilita o exercicio desta profesión regulada segundo o establecido polas directivas comunitarias.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario.

Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 20,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

Quenda de reserva: Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación pola persoa interesada.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axústelos razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o solicitasen, a fin de garantir que participen en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas¹.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao/s posto/s ofertado/s.

Superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, e que sexan admitidas na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade, poden solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser acreditados debidamente. O órgano convocante acordará dita alteración cando estivese debidamente xustificada, limitándose a realizar na orde de prelación a mínima modificación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no DOG/BOE. As Bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo e faranse públicas tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria e tramitación regulamentaria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e sede electrónica da web municipal.

Non se efecturarán notificacións individuais. Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal/sede electrónica: www.ribadeo.gal

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de vinte días hábiles** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no B.O.E.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de abril do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprometéense, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase inexcusablemente a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Resgardo pago taxas.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10. EXERCICIOS.-

A oposición consistirá na realización dos exercicios obrigatorios que se indican a continuación e que serán eliminatorios.

Primeiro exercicio: Consistirá na contestación, por escrito, de forma lexible, durante un prazo máximo de 60 minutos, a 5 preguntas, propostas polo tribunal, relacionadas coas materias do programa que figura no anexo. **(Parte xeral e específica)**

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorárase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

Segundo exercicio: Consistirá en desenvolver por escrito durante un tempo máximo de TRES (3) horas, tres temas extraídos ao chou de entre os comprendidos no programa do anexo (**parte específica do mesmo**)

Neste exercicio valorarase a comprensión dos coñecementos, o volumen do exercicio o rigor analítico, sistemática, claridade do exercicio e das ideas expostas, tamén a capacidade de expresión escrita.

Terceiro exercicio: Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos que o tribunal determine, durante un prazo máximo de 2 horas e que estarán relacionados coas materias do programa que figura no anexo.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primer exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario. Cualificarase como APTO ou NON APTO.

*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 4 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións nos diferentes exercicios da oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para toma-los acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprí-los requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.

4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.

7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).

8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado funcionario quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado funcionario deberá tomar posesión no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento como funcionario/a será publicado no BOP de Lugo.

15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que resultaran aptos e non obtiveran praza.

Esta bolsa de traballo servirá para o fin de atender a futuras necesidades de persoal temporal que se poida precisar no Concello de Ribadeo.

17.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo y do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes, os datos persoais facilitados a través da instancia e demais documentación aportada, serán tratados polo Concello de Ribadeo aos únicos efectos de tramitar e resolver o procedemento de selección.

As persoas aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, portabilidade e oposición en relación cos seus datos persoais, nos termos establecidos pola Axencia Española de Protección de datos, dirixíndose a:

- Dirección postal: Praza de España,1 27700. Ribadeo, Lugo
- Sede electrónica: <https://ribadeo.gal>
- Delegado Protección de Datos: alcaldia@ribadeo.gal
- Teléfono: 982 128 650

18.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

Ribadeo, 25 de setembro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

ANEXO I- TEMARIO

PARTE XERAL.-

- 1.-A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.
- 2.-Os dereitos e deberes fundamentais. A súa consideración na Constitución. A protección dús dereitos fundamentais non ámbito nacional.
- 3.-A Unión Europea: orixe e evolución. Institucións e organismos da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. A Unión Económica e Monetaria.
- 4.-O Dereito da Unión Europea. Tratados e dereito derivado. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. Dereito europeo e dereito dos países membros. Relacións con Comunidades Autónomas e entidades locais.
- 5.-A Administración pública y o dereito. O principio de legalidade na Administración. Potestades reguladas e discretionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.
- 6.-O ordenamento xurídico-administrativo. O dereito administrativo: concepto e contidos. El dereito administrativo básico ditado en virtude do artigo 149.1.18.ª da Constitución. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais.
- 7.- A Administración Xeral do Estado. A Lei de organización e funcionamento dá Administración Xeral do Estado. A estrutura departamental e os órganos superiores.
- 8.-O Estatuto de Autonomía de Galicia. O Parlamento. A Xunta de Galicia. O Presidente.
- 9.- O ordenamento xurídico-administrativo. O Regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. O Procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.
- 10.- O réxime local: Significado e evolución histórica. A administración local na Constitución. A carta europea de autonomía local. O principio de autonomía local: significado, contido e límites.

PARTE ESPECÍFICA.-

- 11.-A Facenda Local na Constitución. O réxime xurídico das Facendas locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios orzamentarios.
- 12.- A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos. Delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: concepto, clases e tramitación. A execución do orzamento de gastos e ingresos: As súas fases.
- 13.-O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A forma e a motivación.

14.-A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa.A publicación.

15.-A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A aprobación por outra Administración. Demora e retroactividade da eficacia.

16.-A executividade dos actos administrativos: o principio de autotutela executiva. Execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

17.-A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

18.-Disposicións xerais sobre o procedemento administrativo. O medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común. A iniciación do procedemento: clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos.

19.-A adopción de medidas provisionais. O tempo no procedemento. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. A instrución do procedemento. As súas fases. A intervención dos interesados.

20.-A ordenación e tramitación do procedemento. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.

21.-O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O desestímulo e a renuncia. A caducidade

22.-A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade.

23.-Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

24.-A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento en materia sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.

25.-A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Referencia ás singularidades procedimentais.

26.-A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

27.-As formas de actividade administrativa. O servizo público. Concepto. Evolución e crise.

28.-As formas de xestión dos servizos públicos. A remunicipalización dos servizos públicos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos.

29.-A potestade normativa das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. O regulamento orgánico. Os bandos.

30.-O municipio: concepto e elementos. O termo municipal: o problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica.

31.-A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros. A participación veciñal na xestión municipal.

32.-A organización municipal. O réxime ordinario de Concello. O concello aberto. Outros réximes especiais.Especialidades do réxime orgánico-funcional en los municipios de gran poboación.

33.- Réxime ordinario: órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios: comisións Informativas e outros órganos. Réxime de sesións dos órganos de goberno local: convocatoria, desenvolvemento e adopción de acordos.As actas. A fase de control do goberno municipal nas sesións.

34. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. O recurso contencioso-electoral.

35.-As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. Os servizos mínimos. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdiccionais contra os actos locais.

- 36.- As resolucións dos órganos xurisdiccionais. Clases de resolucións xudiciais. A sentenza: efectos xurídicos: cousa xulgada formal e cousa xulgada material. Outras formas de terminación do proceso. Actos de comunicación dos órganos xudiciais.
- 37.-Singularidades do procedemento administrativo das entidades locais. A revisión e revogación dos actos dos entes locais. Tramitación de expedientes. Os interesados. Abstencións e recusacións. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos. A utilización de medios telemáticos.
- 38.-Os contratos do sector público: as directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos del Sector Público.
- 39.-Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación armonizada. Contratos administrativos e contratos privados.
- 40.-Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato.
- 41.-A lexislación urbanística vixente en Galicia. Réxime urbanístico do Solo. Clasificación do solo e réxime das distintas clases e categorías.
- 42.-Planeamento autonómico e municipal. Límites da sustentabilidade, cualidade de vida e cohesión social; Normas cualidade ambiental e paisaxística. Reservas de vivenda protexida.
- 43.-Instrumentos de planeamento urbanístico de carácter xeral. Obxecto, determinacións e documentación.
- 44.-Planeamento de desenvolvemento do Plan Básico autonómico e dos planes xerais de ordenación. Instrumentos. Obxecto. Determinacións e documentación. Outras figuras de planeamento: Delimitación de SNR. Estudos de detalle. Catálogos.
- 45.-Formulación e aprobación dos instrumentos de planeamento xeral. Avaliación ambiental estratéxica de los instrumentos de planeamento. Lexislación concurrente estatal. Efectos da aprobación. Vixencia. Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento.
- 46.-Execución do planeamento urbanístico. Presupostos da execución. Execución e conservación das obras de urbanización. Contido do proxecto de urbanización e procedemento de aprobación.
- 47.-Áreas de reparto. Concepto de aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Actuación illadas. Regras xerais para a equidistribución. Contido do proxecto de equidistribución. Procedementos e criterios de aprobación. Efectos. Relacións e interaccións co Rexistro da Propiedade.
- 48.-Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística. Ordes de execución. Títulos habilitantes de natureza urbanística. Definición, determinacións xerais, procedemento, tramitación e supostos específicos de cada un deles.
- 49.-Disciplina urbanística. Inspección urbanística, competencias. Protección da legalidade urbanística. Reposición da legalidade. Procedemento. Supostos. Executividade.
- 50.-Réxime sancionador en materia urbanística e de actividades. Órganos competentes. Prescricións
- 51.-O Plan Xeral de Ordenación municipal vixente no Concello de Ribadeo. Clasificación do solo e regulación. Ordenanzas de aplicación. Réxime transitorio de aplicación segundo a lexislación vixente.
- 52.-O persoal ao servizo das entidades locais: clases e réxime xurídico. A función pública local: clases de funcionarios locais. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero en materia de persoal das Administracións públicas. Políticas de persoal dirixidas á atención das persoas con discapacidade e/ou dependentes
- 53.-Os instrumentos de organización do persoal: plantillas e relacións de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.
- 54.-O acceso aos empregos locais: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. O contrato de traballo. Las situacións administrativas dos funcionarios locais.
- 55.-A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios locais. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. O réxime de Seguridade Social. Dereitos colectivos. Sindicación e representación. O dereito de folga. A negociación colectiva.
- 56.- Os deberes dos funcionarios locais. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades.

57.-O patrimonio das Administracións Públicas. As propiedades públicas: tipoloxía. O dominio público, concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Réxime xurídico del dominio público. Réxime das autorizacións e concesións demaniais.

58.-O patrimonio privado das Administracións Públicas. Réxime xurídico. Potestades da Administración e réxime de adquisición, uso e enaxenación. A cesión de bens e dereitos patrimoniais. O patrimonio das entidades locais: Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

59.-A ética na Administración pública: código de conduta dos empregados públicos e principios de bo goberno. Os códigos de conduta a nivel autonómico e local. O código europeo de boa conduta administrativa.

60.- O concepto de igualdade de xénero. A igualdade de oportunidades para as mulleres: normativa de aplicación. A ley orgánica 3/2207 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Os plans de igualdade. Os centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia: ámbito competencial e normativa aplicable.

R. 2910
